



Veciñanza urxe a limpeza do río Gallo para evitar danos ante posibles enchentes no inverno

Veciñanza solícítalle ao Goberno Municipal que tome as medidas oportunas neste asunto. A limpeza do treito urbano do río Gallo é, ademais, unha cuestión estética. Cómpre insistir na necesidade de intervir para tratar de minimizar os posibles danos que se poidan producir.

Cuntis. 9 de decembro de 2016. Durante o pasado mes de xaneiro Cuntis víase unha vez máis asolagado por un episodio de enchentes que volvía causar danos especialmente nas beiras do Río Gallo. No pleno correspondente a ese mesmo mes, Veciñanza presentaba unha moción instando ao Goberno Municipal a buscar solucións a este vello problema. Se ben foi aprobada e tiveron lugar contactos co organismo Augas de Galicia, **non hai constancia de avance real ningún na solución deste problema.** A comezos do mes de setembro podíamos ler na prensa a demanda que veciños e comerciantes lle facían ao Goberno Municipal para limpar o leito do Río Gallo, tarefa que axude na prevención de posibles enchentes nos próximos meses.

Agora, ás portas dun novo inverno, cómpre insistir na necesidade de intervir para tratar de minimizar os posibles danos que se poidan producir. O Goberno Municipal deber enfrontar con firmeza o problema e intensificar se é necesario a presión ante a Xunta de Galicia na defensa dos veciños e veciñas de Cuntis. A limpeza do treito urbano do río Gallo é, ademais, unha cuestión estética. Se ben é certo que debe facerse cos permisos pertinentes e baixo as indicacións dos técnicos medioambientais para non danar o ecosistema fluvial, é preciso atopar un equilibrio para minimizar os danos que as posibles enchentes poidan causar. O estado de abandono tanto do propio Gallo como dalgún regato que conflúe nel no centro da vila é máis que evidente. Tanto por prevención como por imaxe, urxe actuar o máis axiña posible. Veciñanza solícítalle ao Goberno Municipal que tome as medidas oportunas neste asunto.